

Días

20

21

22

23



24

Xullo 2011, en Ribeira



Festa da DORNA

festa de Interese Turístico Galego



E a Dorna volveu a enviuar...

.....pero de seguro que non levaremos loito, ti non o quererías nin ver diante, diríanos que qué carallo fasemos coa camiseta dos Ratos da Illa. A pesares da congoxa que aínda teño na gorxa pola túa perda farei o que ti farías, desdobrar a camiseta da peña, encaixar a boina a rosca, anudar a pañoleta e saír a disfrutar do vento dorneiro, ése que che enchía os teus maltreitos pulmóns, que che iluminaba a faciana e facíache mover o pescozo lixeiramente antes de soltar unha ocorrencia das túas, ou compoñerlle letras ós personaxes máis singulares de Riveira e arredores. Ese aire mariñeiro que inspiraba a fina retranca que destilabas e que non deixaba títere con cabeza. O meu apego contigo traspasaba festas e días de chiquiteo, cando non era máis que un poliño recién saído do corral e empecei a traballar contigo, ti apadriñáchesme, entre atúns conxelados, dor de costas e mans coma témpanos de xeo facías que as xornadas de traballo foran menos duras, anestesiabas o noso cansancio con calquera comentario retranqueiro, arrancabas o mal humor que tiñamos dentro cunha facilidade pasmosa, aprendín contigo que o traballo non significa pasalo mal, moitos gurús, analistas sesudos e xefes de persoal amargados só tiñan que dar unha volta onde ti estiveras para ver o que é un bó ambiente de traballo. Os recordos agolpanseme a moreas, e ¿sabes?, sigome emocionando tanto que si este escrito fose en papel teríao que refacer porque as bágoas acabarían con él de tan húmido que estaría.

Moito nos temos rido irmán, sempre crín que ti só podías traer alegría pero esta última broma túa non ten puñetera gracia.

Non levaremos loito Daniel, asegúrocho, pero comprenderás que o cabalo de moitos peñeiros non esté para anuncios de Malboro. Ata sempre amigo.

Xani

CADERNO DE BITÁCORA DA LXIII SINGLADURA DA FESTA DA DORNA

Actos a celebrar co gallo do LXIII aniversario da botadura da dorna "Virgen del Carmen", axeitándonos ó expresado no noso caderno de bitácora:

MÉRCORES 20 DE XULLO

Día adicado ao Códice Calixtino (pra min que o roubou o obispo para desviar a atención e poder botar ao cura roxo ese ao que lle justa faser penitencia pola popa)

*Pista da cofradía da dorna á policía para atopar o Códice: Siascaso buscade na casa de "Pazitos" que é coma as urracas, a nós tódolos documentos vellos que nos desapareceron tenos él.


12.01 h. O FACHO DORNEIRO percorrerá as rúas da novena dando inisio á sesentaetrés sinjadura dorneira, con saída dende Coroso de vés. Así que non sexas *castrón (* jodechinchos: vago en grado sumo, palanquín profesional. Na Puebla a mitá da poboación son castróns e a outra palanquíns a secas) e acude a ver aos atletas jomitar as entrañas. Campurrianas, bilis, jalletas prínsipe, pan do Charlín, jrumos do Colacao, píloros e cachos de fijado nunha perfecta sincronía policromática sobre o asfalto.

*** Nota da orjanisación: Asvertimos que aljúns dos relevistas a última ves que correron foi diante dos jrisés nas manifestacións para a lejalisación do partido comunista ou na da OTAN NON no mellor dos casos. A orjanisación poñerá desfibriladores e unha furjoneta de Pompas Fúnebres cada dousentos metros.

Orjanisan: Serráns máis marráns e colectivo "Impresionistas del jomito".

15.04 h. *ENJALANAMENTO DAS FANEQUEIRAS. (* jodechinchos: poner los bares bonitos como los de La Puebla, fen sui jallejo)

Albañiles, pintores, jotelistas, estucadores e demáis maestros do esparabel e o rodillo



deberán de ir abandonando o choio en tódalas fanequeiras autorizadas, xa que o incorruptible xurado está a piques de chejar.

*** Nota da orjanisación: Rojamos á peña Boi de Putas, con sede no Relax, que alomenos este ano cambie a temática caribeña e opte por decoración do país ai que rico papi !!!

Orjanisan: Ratos da Illa e Muxo Beti, pra apuntarse hai que ir á de Pepe de Noia Pub ou ao Capri.

18.46 h. ROCK&DORNA DO PAÍS. Si comprastes na teletienda un audífono Silver Sonic deses, que aínda que ti dijas que é para oír o timbre do forno todo o mundo sabe que é para escoitar jichar aos vesíños, é o momento de comprobar si che devolven os cartos ca jarantía. Alomenos oitocentos capachos de desibelios inundarán o Parque Jarsía Bayón ca música desta tropa de destrajaitarras:

Basura de la buena
Generación Perdida
De Fe Caos
8 Ferrados
Talón de Aquiles
Entrelíneas

Orjanisan: Marea Nejra.

19.03 h. Si no Relax dan churrasco vivo aos clientes, nós dámolos mortos. CHURRASCA-DA POPULAR no Jarsía Bayón a presios tamén populares.

Pra que te fajas unha idea, co que che sablan na juisquería de Palmeira polo pack: palpar cacha + *Jeinaka (* jodechinchos: cerveza de oríxen holandés, en La Puebla la llaman Jeineken) nós dámosche medio capacho de churrasco.

Non te olvides de colaborar ca festa mercado merchandaisin dorneiro, que nós coma os jriejos, tamén nos justa que nos dean jriejos de Jresia, estoume referindo ...

Orjanisan: R. e I. Cofradía da dorna.



A Taberna
do RIASO



neoprint

660079977

21.02 h. Pelar un plátano cas cachas, pintar unha parede cas pestañas, amansar a un can estilo “Furón” axudándote únicamente dunha tubería de PVSé, consejir faser traballar a un da Puebla sin látijo,.... estas e outras probas terán que superar os participantes do MARATASÓN DORNEIRO.

Apúntate na fanequeira dos Carallos de rei, bar Castelao, antes das 19.02 h.

Orjanisan: *Carallos de rei (* jodechinchos: penes de monarca).

XOVES 21 DE XULLO

Día adicado ao alcalde. Polo seu traballo en favor de faser do 24 de xullo festivo local, polas aportacións feitas para mellorar a vijilansia do códiño calixtino e polo seu apoio á plataforma que pide que os futbolistas iranís se afeiten o bijote ... todas elas ijual de eficases ...

16.06 h. Almorsa un par de chuletóns con clembuterol, enche a petaca de Soberano con nandrolona e tira pra o muelle do jas riveirense a enrolarte nos XXI XOJOS E DEPORTES POPULARES DE MAR.

Xojos e peñas colaboradoras:

- Isa-la Candorca (Rape's)
- Lansamento de Risón (Rape's)
- Pesca do Muxo radiactivo (Pateiros Palangreiros)
- Travesía a Nado (Muxo Beti)
- Achikeitor (Cajaboy Island)
- Saltos dende o paredón (Cao Boys)
- Colle-lo Parrulo (O Rapante do Mercante)
- Pau ensebado (Asedías que no sarjo)
- Tirar polo rastro (Comando dorneiro)



Síntete coma
na casa.
A túa cafetería
En Ribeira

C/ Manzanares, 56



24 Horas

E.S.

SHELL RIVEIRA

Telf. 981871162

Non te olvides de larjarlle un chinfrós isotónico no Chirinjito dorneiro si non qués cajar por ti.

Colaboran no chirijito: The Lirios Tremens

20.04 h. Jran PREMIO ÍCARO DE VOO SEN MOTOR, na punta do muelle grande, este ano con temática espacial. Asérquense a ver os míticos: “Chalannenjer” chalana e transbordador espacial a un tempo, o “Repolo 13” primeira nave espacial feita con verdura, o “Jalei” o cometa con nome de supermercado

Orjanisan: Vikinjos da Tomasa e The Lirios Tremens.

21.01 h. Acto de colocación na fanequeira dos Berberechos Asasinos (tasca do barbansa) da placa homenaxe ao máis grande compositor de cansións de tasca, dorneiro de proa a popa e mellor persoa, o jran Dani Fandiño. Alá donde estés, un bico jordo, maestro.

22.03 h. O Alto e Jordo Tribunal Dorneiro, previa entreja do consabido soborno, poñerá a proba os conosementos mariñeiros de tódolos aspirantes a patrón. ¿Por donde caja a Sirenita?, ¿Teñen espiñas os snorkels?, ¿Quén lle dixo a Bob Esponja que lle quedaban ben os calsetíns blancos con sapatos? ¿Foi o porteiro de Claqué?,

Estas e outras apaixoantes prexuntas sobre o mundo subacuático terán resposta no sempre chocante EXAME DE PATRÓNS, no Malicón.

Orjanisan: Cajaboy Island.

Colaboran no chirinjito: Sija la raia

00.sero,sero h. Coma tódolos anos os druidas de As lampreas máis preas, encargaranse de escorrentar as meijas e poñerán a máis de un a bailar a jirincosa ca súa MACROQUEI-MADA DORNEIRA, sin movernos do Malicón.

*** nota mental pra jodechinchos: Non mesclar con fanta, crema de juiski, nin aspirinas efervescentes, ... pode producir ambolias celebrales.

00.33 h. **The Covers** en cosierto, no Malicón.

Fernando Llon e os seus secuases encargaranse de enjrasarnos as prótesis de cadera



cunha selección de versións dos mellores temasos da historia: “noquin on de jevens dor”, “god seif de cuín”, ou a súa fantástica versión de “de guol” de Pin Floi, entre outras que non as poño porque non sei como se escriben en inclés, farán as delicias dos presentes.

VENRES 22 DE XULLO

Día adicado a Dominique Strauss-Kahn, dorneiro de calidade 2011.

18.03 h. Juiliams, Renol, Malaren, Rebul, ... as máis importantes escuderías do planeta mostrarán as súas evolusións no circuíto da Mámoa, pero antes diso ven a poñerte *strausskan (* jodechinchos: salido, palote, tensapitricinas, furabrajás), cas femias que ajuantan dos parajuas na EXPOSICIÓN DOS BÓLIDOS partisipantes no XXI Jran Prix de Carrilanas, no paseo do Malicón.

20.11 h. No alto da Costa da Mámoa os pilotos partisipantes no XXI JRAN PRIX DE CARRILANAS pasan a estas horiñas o habitual control etílico antifarruquitos e antipacuchitos previo ao jran premio. Os que estén por ensima do 0.3 ordejas-cano de melopea, serán apartados da competición, enterrados ata a sintura e lapidados con javilla.

***Aclaración: Ordeja-cano, é a nova unidá de medida adoptada polo sistema internacional de melopeas. Unha dusia de *tomajauks (* jodechinchos: coñá con jasiosa) corresponden aproximadamente 1 ordeja-cano de valoración.

Orjanisan: Arría o jallo.

***AVISO MOI SERIO DA ORJANISACIÓN PRA OS ESPECTADORES:**
A REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA TEN COMO PRINSIPAL PREMISA EVITAR DESJRSIAS EN TODALAS ACTIVIDADES ORJANISADAS DURANTE A FESTA DA DORNA, POR ELO ROJAMOS AOS ESPECTADORES DO JRAN PRIX DE CARRILANAS, EVITEN INVADIR O ASFALTO DURANTE A DISPUTA DA PROBA, E FAJAN CASO EN TODO MOMENTO ÁS INDICACIÓNS DADAS POLA ORJANISACIÓN. OS QUE NON CUMPLAN CAS NORMAS DE SEJURIDÁ SERÁN DESMEMBRADOS E DECAPITADOS, E OS SEUS CACHOS SERÁN REPARTIDOS POR TÓDALAS PARROQUIAS DA PUEBLA PARA ESCARNIO PÚBLICO E CASTIJO EJEMPLAR. ESTADES AVISADOS.



PORQUE TE GUSTA
TENERLO TODO
A MANO

RAPIÓN NÓS
TODOS LOS TRATAMIENTOS
EN LA MISMA CLÍNICA

ABRILLO DE LUNES A SABADOS DE 9 A 21 HORAS

RIBEIRA
AV. DE LA CUPÓNIA, Nº 76. SANTA UXA DE RIBEIRA
981 873 960



CLINICAS
VITAL DENT

Especialistas en:
Estética Dental
Cirugía e Implantación
Ortodontía
Fisioterapia
Endodoncía
Periodoncía
Últimas Tecnologías



Tfnos. 981 873 974 - 981 872 960
Praia de Coroso - RIBEIRA

23h. 02' 43" JUAN JUATEQUE DORNEIRO, nos aparcamentos do chirinjito.

Paja a entada, embórcate na jorxa un par de juarisnais, bóatate uns dansins e non te olvides de larjar o palancre do amor na carpa do juateque.

Anunsiámos aos habituales do amor de pajo que durante o juateque dorneiro, o chamado "picadeiro de río grande", sije sendo o luar do mundo máis propisio pra aparearse jratis. As miles de brajas e calsonillos atopados nos últimos anos sijen colocádonos por ensima de Ipanema e Malibú en rebotado de cachas.

Os que nin con estas perspectivas consijan palpar felpudo, recordar que o caladeiro de pajo Las Suecas, sponsor ofisial dorneiro, sije ofresendo descontos en jriejos e liposuc-sións.

DJ Rits encarjarase un ano máis de amenisar a velada cos seus eskrachins.

Colaboran: Pateiros Palangreiros, Pintos Joden quintos, Feitos Polvo, A Nasa, Carallos de Rei, Sija la Raia, As Robalisas, Cao Bois.

SÁBADO 23 DE XULLO

Día adicado ós abdominais dos 300, encabezados por Leonidas Ruis.

16.02 h XXI XOJOS E DEPORTES POPULARES DE TERRA, no Coroso Arena (merendeiro de Coroso).

Non se olviden as atletas e os atletas de larjarlle o oblijado chinfrós de nandrolona no chirinjito dorneiro, pra evitar embarrar no sempre exhaustivo control antidopinj. Recorden que os potenciadores de testosterona en sancre sijen prohibidos incluíndose na lista deste ano ademáis dos xa habituais: Recortes co posado de verán da Obrejón, pejatinas de Songoku,.....e baixo pena de inhabilitación perpetua, levar en soportes multimedia o vídeo da actuación de Sabrina no programa de fin de ano 87, e a final do concurso de pulsos de "Yo el halcón".

Colaboran no chirinjito: Sija la raia



ÓPTICA
Blanco
General Franco, 6
981 847 865

JOYERÍA
Blanco
General Franco, 11
981 848 441



Competicións deportivas e peñas colaboradoras:

- Canicas (Os Pintos Joden Quintos)
- A Raia (Os Pintos Joden Quintos)
- Justache a fariña (Persebes fan os deberes + Serráns Mais Marráns) *xojo novo: Só espero que non sea unha compesión de esnifar polvos de talco, nin aspirinas machacadas
- Dominó (Os Persebes fan os deberes)
- Tirar á Corda (Caracolas en Sirolas)
- Saltar á Corda (Caracolas en Sirolas)
- Xogos para Nenos (Mexillóns + Cabróns e Cao Boys)
- Xojo do Limbo (Pateiros Palangreiros)
- Pulsos (Pateiros Palangreiros)
- Pulso Jitano (Comando Dorneiro)
- Futbolín (Comando Dorneiro)
- Dalle o Pau (Comando dorneiro)
- Carreiras de camareiros (Comando Dorneiro)
- Peletra (As Javotas van Jopas)
- Xojos de Cartas (As Javotas van Jopas + Parrochas Papudas)
- A Billa (Arría o Jallo + Berberechos Asasinos)
- Twister (Derrape Mental)
- Tiratacos (Persebes coma Puños)
- Pano (Ratos da Illa)
- Carreiras de fleje (Ratos da Illa)
- Martín Pescador (Ratos da Illa)
- Malote's Party (Cajaboy Island)
- Mecajo na dieta (Cajaboy Island)
- Que che den polo curling (Arría o Jallo)
- Nó (Arría o Jallo)
- Ovo, pico, araña (Delirios Tremens)
- Pión (O Rapante do Mercante)
- O Neymar Dorneiro (Lenjuados Envriajados) *xojo novo: Non teño nin idea de que vai, pero disque veñen animadoras brasileiras a mover as cachas ...
- Jami Jabulani (A Tuna Nejra) *xojo novo: voley co pé ou aljo así non me faser moito



- Alimentación
 - Golosinas
 - Helados
 - Hielo
- Avd. Malecón, 43

HAP Hijos de Adelino Paz, S.U.
FERRITERIA GENERAL • ALMACÉN DE MADERAS
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y NANEAMIENTO

Avda. de A Coruña, 37
15966 RIVEIRA (Coruña)

(981) 87 14 35 Atención
(981) 87 12 07 Oficina
Fax: (981) 87 32 63

caso

-Campeonato de Ping-Pong (A tuna Nejra)

-¿Que peixe é? (A tuna nejra)

-Chapas (A Tuna Nejra)

22.02 h. Dispostos a destrajar jarjantas e desjuasar tímpanos, os cantores dorneiros tomarán as fanequeiras autorisadas no XXII SERTAMEN ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA, pra desjrasia de jodechinchos e comeparrochas que a estas horas andan de pinchitos por Riveira aadiante. Vailles a acordar a allada!!! Xo verás!!!

***Nota mental pra jodechinchos: No venir más a Riveira este día, mejor pedir pizza.

Orjanisan: Tabeiróns caralludos.

** Pra partisipar haise que apuntar en Pepe de Noia Pub antes do 20 de xullo.

00.33 h. Perdónalos nuestro señorío porque no saben lo que hasen !!!

Poñendo a proba a pasiencia do creador e expoñéndonos a un castijo divino JUAN FINAL DO XXII SERTAMEN ITINERANTE DE CANSIÓN DE TASCA no atrio da ijlesia, con dous juegos. Amplifica o acto o mítico Bandín.

**Monólogo con Dios: Dios, si queres joder a aljén por virche a dar a murja a estas horas, jode a Bandín que tamén él nos destrajou todolos consiertos da nosa juventú.

Colaboran no chirinjito: Caracolas en Sirolas.

... e xa para acabar de enemistarnos con Nuestro Señor Dios Padre Omnipotente Creador del Sielo y de La Tierra, a partir das 02.02 h. a Charanja O'Santiajiño de Padrón amenisará as rúas da novena cos seus pejadisos ritmos e satánicos bailes, ... "oro molido" para os sentidos ...



DOMINCO 24 DE XULLO

Día adicado ó Jran Dani Fandiño, musicólogo, políglota, e ornitólogo de reconosida fama mundial, descubridor dunha nova especie de ave que só aparece en días coma o de hoxe:

El Pajarito Negro.

12.02 h. EXPOVARADA DE EMBARCASIÓNS no Paseo do Malicón.

Non te olvides de planchar a pañoleta e botar Baron Dandy antes de salir da casa, si qués pasar desapersibido entre as jlamurosas tripulaci3ns dorneiras que a estas horiñas repoiñen forsas a base de vasieiros de EPO con colacao, croasants de clembuterol e sanjuiches de anabolisantes, nas fanequeiras da redonda.

Amenisarán o percorrido ata Fontao Blú Beach a charanja Os Jalochos* (*jodechinchos: Gal8888...), os U2 da jaita.

13.00 h. Avanti tuti a turi jorobi !!!!! Co jrito de jerra que aprendestes nos camellitos darase o pistoletaso de saída da XXII REJATA DE EMBARCASIÓNS FEITAS Á MACHADA E PROPULSIÓN A PAN DE MILLO. JRAN PREMIO CRUTRE SARK. Codéate cas familias de máis alta alcurnia; os Petrovich, os Tran tran, os Trincatripas, os de Lola a de "chosquete" o máis jranado da sosiedá riveirense, *oro molido (*jodechinchos: lo máximo a lo que se puede aspirar, más allá está la divinidad).

Orjanisan: Persebes coma puños + Me aplaude la almejita.

15.00 h. ROMERIA DORNEIRA, en Coroso.

Empanadas, pizzas, roscas da Maricola, bistés da croca, juevas de esturión, majré de pato, xamón de pata nejra, trufa blanca a jranel..... estas e outras moitas delicatesens esperanche no chirinjito dorneiro.

*** Nota da orjanisación: Recomendamos maridar con chinfrós de veterano con mirinda.

Orjanisan: Ratos da Illa.

15.32 h. CAMPIONATO MUNDIAL DE CHINCHIMONEI, pra poder partisipar será oblijatorio ter mans con puljar oponible, visión estereoscópica, caeser de cola prensil e ter menos dun ochenta por sento do corpo cuberto de pelo.

*** Nota da orjanisación: Sabemos que esta última condisión é unha putada, pero daljunha maneira temos que filtrar aos partisipantes.

Orjanisan: Cajaboy Island.

16.01 h. Os supervivintes das rondas eliminatorias mediranse na J~~RAN~~ FINAL DO MARATASÓN. Si xa che pareseron duras as probas previas prepara o lombo para estas: Meter a cabeza no cú dunha vaca e gritar: Eco !!! ou faser járjaras con polvos de talco, serán aljúns dos desafíos aos que se enfrontarán os finalistas.

Orjanisan: Carallos de rei

17.03 h. Cuncurso de Jí Jó, coma sempre será oblijatorio levar alomenos 3 kilos de metralla no corpo entre pirsins, cadenas de ouro, esclavas, arandelas, puñales con brújula no manco, hormijonerasetsétera, pra poder chamarlle as de cristo aos teus rivales con rima consonante.

Orjanisan: Cabuxos do mar e Derrape mental

20.02 h. TOP SECRET. A marea dorneira inundará as rúas da novena a ritmo das charanjas Kilomberos of High Mountain e os Jalochos, ponlle a joma á pata de pau, cambialle as pilas ao marcapasos e ven a mover o atilano !!

22:04 h. ROCK&DORNA.

Nonseicantosmil capachos de wattios de lus e sonido, dous camións de suelas reforsadas e a música dos sijientes jrupasos serán os injredientes suficientes para vir a lijar baldosa ao Malicón con:

Mijel Costas (*jodechinchos: Miguel espaldas)

E

Ruxe Ruxe

05.12 h. Entonación do Miudiño.

06.007 h. Desmarre do nó e Arriada da Pañoleta

0%\$7.0*24 h. A durmir á casa lancráns ZZZZZZ, ZZZZZZ, ZZZZZZZZ,
ZZZZZZZZZZZZZ,, ZZZZMZZZZZSZZZZZZZZZZZZZZ, ZZZZTZZZZ-
QZZZ.

SÁBADO 30 DE XULLO.

23.00 h. Baile de Jala (Jala dansin), amenisado polo xrupe Yesterday (os camela de Bandaurrío) no Sírculo Mercantil. Coma sempre requerirase rijurosa atiqueta:

Recomendación para o vestiario das femias:

Juonderbrá de realse, tiratacos con encane cubrefelpudo á proa e piterpans de perlé, camisa estampada con motivos satánicos, collar de perlas con pendientes a xojo e falda de pana nejra con parches de Judas Priest.

Nos machos:

Volve a levarse, o calsonsillo de franela ata os tobillos con mancha de nicotina á proa e frenaso á popa, elástico imperio con lamparón de veterano no peito e os pantalóns fardajuevos de pitillo con cueiras.

Tatuaxes literarias permitidas: “Tomar a pastilla ás dés”, “Paquita te quiero”, “Choncha, quéroche umundo”, “Bretal paradise”

Como é de ben nasidos ser ajradesidos:

Concello de Riveira

Cruz Vermella do Mar

Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Riveira

Policía Local

Policía Nacional

Cáritas Parroquial

Deputación da Coruña

Xunta de Galicia

Coca-Cola

Estrella Galicia

Os seguintes comercios e hosteleiros de Riveira:

ZONA Igrexa-Praza Vigo-Praza

Compostela

Establecementos comerciais

FLORISTERIA MARILLO

MERCA BARBANZA FRESAS

FLORISTERIA AMIGO

DAGA SPORT

SUMINISTROS STA UXIA

DULCE BEBE

FRUTERIA MALUCA

fanequeiras:

Bronx

ATURUXO-LUARADA

O TEAR

Cafetería Botter

NORUEGO

Ventos Vellos

TABERNA DO RIASO

BAR PLAZA

ATENEO Valle-Inclan

CAPITAN MORGAN

ATALLO

ARRANCADEIRA

ESMORGA

BALADO

MALECON

A CAVERNA

BAR MERCANTE

TRISKEL

RESTAURANTE PENIN

CAPRI

MORRISON

AIMAR

ZONA Coroso-Carolinas-

García Bayón

Establecementos comerciais

Camping Coroso

E. S. Santa Uxía S. A. (Shell Riveira)

Expert Electrodomésticos

Hijos de Adelino Paz

Farmacia Dolores López

Rodríguez

Joypa

Vital Dent

La Vinoteca de Tucho

Almacenes Juan Pego

Petrogas Barbanza

Peluquería Kiara

Dunas

Vimar

Alvarecho Autoservicio

fanequeiras:

Restaurante A Fábrica

O Paseo

Las Suecas

Bar O Antoxo

El Quillo

Airoa

Castelao

A Galleguiña

Bar Doble SS

Bar Tres Hermanos

ZONA Bandourrió

fanequeiras:

TASCA DO BARBANZA

CAFÉ BAR 20 DE ABRIL

CAFÉ BAR VAI BEN

CASEIRA

CERVECERIA DE MALTA

PEOPLE

DOMINIUM

BRETEMA

JUJURUJU

DESVAN

NOITE MEIGA

IDOLOS

DESTRANJIS

ALOHA

COCOLUCHE

Palmeira

Che vení

Manolo do Café

Miramar

HOTEL RIO AZOR

Aguiño

Bar Tallante

A Chabola

Carreira

Bar Esperpento

Artes

Centro Recreativo de Artes

Baiuca

Churrasquería Albariño

Oleiros

Camping Ría de Arosa II

As Canles

Castiñeiras

Bar da Praia

ZONA Abesadas-Concello
Establecimientos comerciais

José Manuel Lijó Santos
Construcciones
A Rotonda
Graficas Salvora
Clínica Dental Dr Vázquez
Electrodomésticos Jesús
Santiago
Manualidades Stilo
Floristería Betty
Frutería Barbanza
Farmacia Ruíz
Hostal Áncora
Librería Sanyg
Cadena 100
Ferretería Mariano
Doces a Maricola
Don Glotón
Golosinas D'or
Sport Bike
Estanco Lourdes
Confecciones Silva
Rossman
Clínica Veterinaria Riveira
Cosmos
Pillados
Arró Barbanza
Madelva
Frutería Mercabarbanza
Upi informática
Neoprint
Deportes Estevez
ElectroCar
Limpiño
fanequeiras:
Kukúa
Burguer Flip
Bar Samba
O Rincon de Basela
Pepe's
Ceos
Golfox
A Cabaña
Telepizza

ZONA Malecon-Rúa Galicia
Establecimientos comerciais

Congelados Marina
Alain Afflelou
Espacios SC Decoración
Librería Mirás
Makao
Farmacia Sanmamed
Marfil
Eco-TEX
Estanco Nº5
Zapatería Horacio
Miss-Tic
Máis 40
Joyería Nespereira
ZALOI
FARMACIA VILLAMIL-
REIGOSA
FLORISTERIA MANDRAGORA
PAS...PAN
INITEL
JUAN MARTINEZ BLANCO,
S.L.
BAZAR DE OUJO
EL BOSCO
SEREA COMPLEMENTOS
MONCHOGAR
OPTICA Y JOYERIA BLANCO
KARAMELO GOLOSINAS
Hostel
fanequeiras:
Burguer O Cubano
O Parque de Atrás
Central Park
Bar Bahía
O Franco
A Fiesta
Restaurante Dorna
BULEVAR
GALEON
VIFER
OLIVER
ALBATROS
TASCA DO PEIRAO
A CUBA

... e a miles de peñeiros